

Inés Outomuro

DÉPAYSEMENT

Este fervor,
que rompe cada neurona
tentando unha conexión
aparentemente invisible.
Tan só os nosos ollos
reencontran con cada sangue
que esvara pola nosa perna abaixo.

Lonxe del
camiñando polo seu costado
como mil moreas de elefantes,
sigo perdéndome nestas marcas profundas,
nestes grans de po,
como estas fronteiras de néboa
que tan so alonxan este descoñecido pensamento.

Estas bolboretas,
vermes,
este leite,
que é peito ferido,
estas verbas,
tan só bocas pechadas.

Un revolución
dos beixos
co roce das olivas.

Unha baixada pronunciada
sobre o pezón marcado co sol
coma unha campá
que vibra co bater das ás.

As vesces olvídome
de que sei respirar,
de que no sangue
só teño toxinas,
de que :
*unha baixada pronunciada
sobre o pezón marcado co sol,
é coma unha campá
que vibra co bater das ás.*

VITAL

“Aínda non sei se ti es a vida
ou a vida es ti”

Nacín mamando
da teta de Venus
coma se Xúpiter malgastara
o seu poder.

Son unha estrela sen brillo
pero cun rumbo infinito.
Unha flor xerminada
coa cólera
que esvara cada montaña de area,
deserta,
esa area que despraza
a órbita existente
que sustenta o universo.

Un erro nacente,
que rompeu coa cápsula fértil,
un erro causado
por unha dilatación profunda
dun ventre minúsculo
no que o aire afoga,
con esta luz cegadora
do inferno.

XARDÍN DAS DELICIAS

Pracer furtivo
que escapa desta ducia
de mazás vermellas.

O espanto que produce
esta agulla que queima peito,
que lanza un berro gozoso de liberación.

Estrondo minucioso
desta ferverza
que escorra
pola túa pelve morta.

Que faga temblar
as túas pernas;
que respiren sen expirar,
que con cada feble movemento,

estire a pel.

Coma un simple corte de electricidade
do meu sangue
que se apresura ata chegar
a rozar
(te)
queimar
(te)
anchoupar
(te)

Crece no oco da miña dorsal
unha mordida
que traza un movemento circular
baixo a túa lingua.

Xemidos sabor a mel
que reprimen os meus estímulos;
un ángulo de 20º
que as túas pernas forman
co son do bruar do tren.

Unha escapada dende
a túa caluga que
se desliza pola miña ingle,
ínfima,
íntima,
túa.

Arríncandome algunha enésima parte
deste efémero orgasmo
abrindo os meus labios.

Unha mirada
estreita cara os teus muslos,
co son do tic-tac
do reloxo.

Suor que escorra
pola túa clavícula
enchoucando o meu peito
mamando do meu amor.

Un berro de gozo
botado ao aire
deixando que o meu clítoris
vibre
co zumbido do silencio.



» Rúa da Catedral / Ilustración de Andrea Mariz (técnica: bolígrafo)